

MONTE
OLIMPO



OLIMPIA



Á miña sobriña Haydée, que non para de viaxar.
Margarita del Mazo

Para Ana e Javi, que iluminan a miña vida.
Ana Zurita

A viaxe do facho olímpico
Colección Miau

Primeira edición: setembro 2024

Título orixinal: El viaje de la antorcha olímpica

© Ediciones Jaguar, 2024
C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: Margarita del Mazo, 2024
© Ilustraciones: Ana Zurita, 2024
© Traducción: Vanesa López, 2024

📖 EdicionesJaguar
✉ @Ed_Jaguar
📍 edicionesjaguar
📄 ediciones_jaguar

THEMA: YBC
ISBN: 978-84-10208-10-0
Depósito legal: M-16760-2024
Impreso en España

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



Entre as Montañas do Norte, hai un val.
É tranquilo coma un paseo. O Sol está tan
a gusto alí que non quere marchar.
–Tócame! –quéixase a Lúa cada noite.



Na metade do val, hai unha granxa onde
nunca pasa nada. Só a visitan os parrulos
que se mudan ao sur.



Foi precisamente un deses parrulos quen alterou a paz da granxa.

–Non podo quedar. Quero chegar aos Xogos!

–Que xogos? –preguntou dona Vaca.



–Os Xogos Olímpicos! Celébranse cada catro anos e ninguén quere perdelos. Compiten os mellores atletas. Hai xa días que o Sol acendeu o Facho en OLIMPIA.

–Que facho?

–É a lapa que atravesa o mundo nas mans dun atleta ata o lugar onde teñen lugar os Xogos. O máis importante é que non se apagará ata que acaben.



Cando o parrulo marchou, dona Vaca, que sempre levaba a voz cantante, aínda que cantase peor que un grilo pisado, gritou eufórica:

Organicemos uns Xogos Olímpicos!
A nosa OLIMPIA será o pico máis alto das montañas.

A todos lles encantou a idea.
Non obstante... Quen traería o
Facho acendido á granxa?

